



DATOS IDENTIFICATIVOS

Prácticum II

Materia	Prácticum II			
Código	P02M081V02214			
Titulación	Máster Universitario en Necesidades específicas de apoio educativo			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	11	OB	1	2c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Martínez Lemos, Rodolfo Ivan			
Profesorado	Martínez Lemos, Rodolfo Ivan			
Correo-e	ivanmartinez@uvigo.es			
Web	http://masterapoioeducativo.webs.uvigo.es/			
Descrición xeral	Esta materia ten como obxectivo que os estudantes coñezan de modo práctico institucións, centros e servizos que traballen con colectivos de persoas con necesidades específicas de apoio educativo.			

Competencias

Código	
CB1	Posuir e comprender coñecementos que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados co seu área de estudo.
CB3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
CB4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións [e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan] a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
CB5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de un modo que terá que ser en gran medida autodirixido ou autónomo.
CG1	Saber aplicar os coñecementos adquiridos sobre o funcionamento dos procesos neuropsicolóxicos e a resposta organizativa de centro e servizos de apoio en contornas con poboacións con dificultades de aprendizaxe e trastornos do desenvolvemento, así como no deporte de base e na actividade física para poboacións especiais.
CG2	Sintetizar os coñecementos adquiridos sobre avaliación e intervención, resposta organizativa de centro e os servizos de apoio e integralos nos contextos de aprendizaxe do estudante, o deporte de base, así como da actividade física para poboacións especiais, a saúde e a calidade de vida, sen discriminación de xénero, de clase, nin de etnia.
CG3	Diseñar sistemas de asesoramento e de intervención educativa tendo en conta a resposta organizativa do centro, as metodoloxías e as TIC para a inclusión escolar, así como o deporte adaptado, a actividade física para persoas con distintas discapacidades, o exercicio físico, a saúde e a calidade de vida.
CG4	Xeneralizar a distintos contextos e situacións o coñecemento, as destrezas adquiridas, axustando as habilidades pertinentes que as conforman. Todo iso con criterios de non discriminación de xénero e respecto dos valores democráticos.
CE1	Saber aplicar sistemas de avaliación e intervención á determinación das necesidades educativas especiais dos estudantes con discapacidade intelectual, motriz e sensorial; de dificultades de aprendizaxe derivadas do contexto sociocultural, de discriminación por razóns de xénero, clase, e etnia e de dificultades de aprendizaxe específicas (lectura, escritura e cálculo), delimitando ámbitos prioritarios de actuación e os apoios requiridos para promover a aprendizaxe significativa e relevante.
CE2	Saber detectar e analizar posibles barreiras para o acceso ao currículo, a aprendizaxe e a participación do alumnado con necesidades educativas especiais e problemas de aprendizaxe.

CE3	Coñecer os sistemas adecuados para intervir na mellora da competencia persoal do alumnado naqueles ámbitos do seu desenvolvemento psicolóxico, social, de actividade física e deportivo que poidan relacionarse cas súas necesidades educativas especiais.
CE4	Xerar destrezas para aprender a diseñar, en colaboración co profesorado de aula, plans de traballo individualizado para o alumnado con necesidades educativas específicas integrados na resposta organizativa do centro e nos servizos de apoio, utilizando as TIC e favorecidos por actividades de deporte adaptado e que potencien actividades de saúde e calidade de vida.
CE5	Aprender a colaborar cos servizos psicopedagóxicos e de orientación familiar, promovendo a mellor resposta educativa.
CE6	Saber avaliar as implicacións do uso de diferentes respostas educativas ante os problemas derivados da atención á diversidade.
CT1	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria
CT2	Capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en lingua galega.
CT3	Sostenibilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.
CT4	Propoñer iniciativas, xerar ideas novas e adaptarse a situacións diversas con flexibilidade.
CT5	Capacidade de organización, planificación e autoevaluación.
CT6	Traballar en grupo e desenvolver actitudes de participación e colaboración.
CT7	Comunicar con eficacia o coñecemento obtido, de forma oral e escrita, tanto a persoas non expertas como a outros especialistas, utilizando os recursos persoais e apoiándose nas tecnoloxías da información e da comunicación.
CT8	Recoñecemento da diversidade e da multiculturalidade.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecer a estrutura e finalidade dos servizos e institucións nos que se realicen as prácticas e a documentación básica na que ustenta a actividade do servizo ou institución.	CB1 CB2 CB3 CB5 CG2 CG4 CE5 CT5 CT6 CT8
Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro mediante o establecemento de relacións entre os coñecementos especializados, teóricos e metodolóxicos, e os resultados da observación, análise e intervención nas situacións educativas da escola na que realizan as prácticas.	CB2 CB3 CG1 CG2 CG3 CG4 CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CT1 CT4 CT5 CT6 CT8
Diagnosticar necesidades e problemas educativos especiais e deseñar algunha proposta de intervención específica de inclusión.	CB3 CG2 CG3 CG4 CE1 CE3 CE5 CE6 CT1 CT3 CT4 CT5 CT6

Observar, detectar e intervir a través de actividades co fin de favorecer actividades de inclusión educativa	CB3 CG1 CG3 CG4 CE1 CE3 CE4 CT3 CT4 CT5 CT6 CT8
--	--

Ser capaz de elaborar unha memoria que reflecta as aprendizaxes máis importantes adquiridos no prácticum, seguindo unha estrutura recomendada polo titor/a do máster.	CB2 CB4 CB5 CG1 CG2 CG4 CE4 CE5 CE6 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8
---	---

Contidos

Tema	
Contextualización das prácticas: descrición da institución ou servizo	Obxectivos, programas, accións, recursos humanos e materiais, etc. para o desenvolvemento de actividades de aprendizaxe e deportivas dirxidas a poboacións con necesidades específicas de apoio.
Perfis profesionais e a súa relación coa atención á diversidade e as necesidades de apoio	Distintos tipos de actividades académicas e actividade física e deportiva con poboacións con necesidades específicas de apoio educativo
As prácticas externas como instrumento de desenvolvemento dos profesionais en formación e noveis: deseño de actividades e programas	Coñecemento e familiarización con ferramentas para avaliación e intervención con persoas con necesidades de apoio educativo
Elaboración de memorias de progreso	Proposta, programación e desenvolvemento de programas e accións nos centros de prácticas. Avaliación e seguimento de programas de intervención
	Avaliación e seguimento de programas de intervención

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	5	0	5
Prácticum, Practicas externas e clínicas	150	75	225
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	45	45

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Orientacións sobre a planificación, deseño e realización das actividades prácticas realizadas en centros, servizos e organizacións relacionados coas necesidades de apoio educativo
Prácticum, Practicas externas e clínicas	Traballo independente tutorizado de prácticas en institucións, organizacións e centros educativos que inclúan poboacións con necesidades de apoio educativo

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticum, Practicas externas e clínicas	Orientación sobre as prácticas externas e seguimento das mesmas.
Probas	Descrición

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas			
Prácticum, Practicas externas e clínicas	Informe dos titores/as externos sobre a asistencia e realización das distintas actividades prácticas	50	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG2 CG3 CG4	CE1 CE2 CE3 CE4 CE5	CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Elaboración dunha memoria sobre as actividades de prácticas de acordo a uns criterios previamente sinalados	50	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG2 CG3 CG4	CE1 CE2 CE3 CE4 CE5	CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7

Outros comentarios sobre a Avaliación

O Practicum II terá unha duración de 150h que os estudantes realizarán en varios centros, servizos e organizacións que traballan con persoas con discapacidade, tanto no ámbito educativo como deportivo.

Previamente o alumnado recibirá a información e documentación necesaria para levar a cabo estas prácticas, sobre as que terán que realizar unha memoria final.

Para superar a materia é necesario obter un 5 no Informe do Titor e un 5 na Memoria Final

As actividades non superadas en primeira convocatoria poderán ser superadas ou recuperadas na convocatoria de Xullo.

Poden consultarse as datas de avaliación da materia na web do Mestrado ou no espazo correspondente da plataforma de teledocencia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

LOBATO FRAILE, C. (ed.), **Desarrollo profesional y prácticas/practicum en la universidad**, Servicio Editorial de la Universidad del País Vasc, 1996

RAPOSO RIVAS, M, **Contribuciones de las Tecnologías de la Información y la Comunicación al desarrollo del practicum de futuros docentes**. En L. IGLESIAS FORNEIRO, M. A. ZABALZA BERAZA, A. CID SABUCEDO y M. RAPOSO RIVAS, Unicopia, 2002

SCHÖN, D.A., **La formación de profesionales reflexivos. Hacia un nuevo diseño de la enseñanza y el aprendizaje en las profesiones**, Paidós-MEC, 1992

ZABALZA BERAZA, M. A, **Buenas prácticas en el practicum: bases para su identificación y análisis**. En A. CID SABUCEDO, M. RAPOSO RIVAS y A. PÉREZ ABELLÁS, **El practicum: buenas prácticas en el Espacio Europeo de Educación Sup**, Torculo,

Bibliografía Complementaria

CID SABUCEDO, A., DOMÍNGUEZ PRIETO, E. y RAPOSO RIVAS, M., **La práctica reflexiva como medio de construcción del pensamiento práctico de tutores y tutorandos**. En M. A. ZABALZA BERAZA (ed.), **Los tutores en el practicum: Funciones, formación y compromiso institu**, Diputación Provincial de Pontevedra, 1998

GARCÍA FERNÁNDEZ, A., **La tutoría y la relación profesor-alumno en la formación para la inserción laboral**, 2006

GUTIÉRREZ CUENCA, L., CORREA GOROSPE, J. M., JIMÉNEZ DE ABERASTURI ARAIZ, E. y IBÁÑEZ ETXEBERRIA, A, **El modelo reflexivo en la formación de maestros y el pensamiento narrativo: estudio de un caso de innovación educativa en el Practicum de Magisterio**, 2009

IGLESIAS FORNEIRO, M. L, **La tecnología audiovisual al servicio del practicum: el vídeo y la fotografía digital**. En L. IGLESIAS FORNEIRO, M. A. ZABALZA BERAZA, A. CID SABUCEDO y M. RAPOSO RIVAS (coord.), **El practicum como comp**, Unidixital, 2005

LATORRE MEDINA, M. J., **El potencial formativo del practicum: cambio en las creencias que sobre la enseñanza práctica poseen los futuros maestros.**, 2007

MARTÍNEZ FIGUEIRA, M. E., **Ser tutor, ¿Cuestión de personalidad o de profesionalidad?.**, 2010

MOLINA RUIZ, E., IRANZO GARCÍA, P., LÓPEZ LÓPEZ, M. C. y MOLINA MERLO, M. A, **rocedimientos de análisis, evaluación y mejora de la formación práctica**, Madrid, 2008

RAPOSO RIVAS, M. y SARCEDA GORGOSO, M.C., **La integración de las TIC en la supervisión del Practicum.** En A. CID SABUCEDO, M. MURADÁS LÓPEZ, M. A. ZABALZA BERAZA, M. GONZÁLEZ SANMAMED, M. RAPOSO RIVAS y L. IGLESIAS FORNEIRO (coord.), Buenas pr, Imprenta Universitaria, 2007

ZABALZA BERAZA, M. A, **Teoría de las Prácticas. La formación práctica de los profesores.** En M. A. ZABALZA BERAZA (coord.), **Actas del II Symposium sobre prácticas escolares (15-40)**, Diputación Provincial de Pontevedra, 1989

ZABALZA BERAZA, M. A, **Condiciones para el desarrollo del practicum**, 2004

ZABALZA BERAZA, M. A, **El aprendizaje experiencial como marco teórico para el Practicum.** En L. IGLESIAS FORNEIRO, M. A. ZABALZA BERAZA, A. CID SABUCEDO y M. RAPOSO RIVAS (coord.), **El practicum como compromiso institucional**; Unidixital,

ZEICHNER, H, **A formação reflexiva de professores: ideias e práticas.**, Educa,

Recomendacións

Outros comentarios

RECOMÉNDASE:

- A asistencia á primeira sesión de clase para poder coñecer os obxectivos da materia, a planificación xeral e as opcións de avaliación da mesma.
- A asistencia continuada ás sesións de clases e ás titorías para poder seguir o desenvolvemento da materia por parte dos estudantes
- O uso continuado da plataforma virtual na que se recollen orientacións e criterios de avaliación para o correcto desenvolvemento da materia.

Plan de Continxencias

Descrición

== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ==

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

Para o curso 2021-2022 se preven tres posibles escenarios:

- docencia 100% presencial
- docencia mixta, con parte presencial e parte virtual
- docencia 100% virtual

A medida en que as circunstancias o requiran poderíase pasar de foma dinámica dun escenario a outro ao longo do curso, buscando o menor impacto posible no seu desenvolvemento.

==== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ====

Metodoloxías docentes que se manteñen

As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario a outro. En calquera caso, a única diferenza refírese ao espazo (presencial ou virtual) no que se desenvolverá a actividade. De ser necesario recorrer ao ensino virtual, total ou parcialmente, as metodoloxías previstas adapátanse á modalidade de execución a distancia.

Metodoloxías docentes que se modifican

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

*****Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)*****

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual dos docentes, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase únicamente polos medios telemáticos mencionados.

*****Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir*****

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

*****Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe*****

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

*****Outras modificacións*****

Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

*****Probas pendentes que se manteñen*****

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2021-2022. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero sí no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual, ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.

Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

*****Probas que se modifican*****

Para o curso 2021-2022, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

*****Novas probas*****

Non se prevén novas probas de avaliación.

*****Información adicional*****

Non hai.
